

CIRCULAR 10-2023.

CONTROL FGA PISTA CUBERTA 21/01/2023 e CONTROL FGA PISTA CUBERTA 22/01/2023

- *A todas as Delegacións da FGA*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o control FGA os días 21 e 22 de xaneiro de 2023, na Pista Cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2).- Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con ficha pola Federación Galega de Atletismo, da tempada (2023).

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme á tempada 2022. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Art.3).- As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 16 de xaneiro. Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta para cada un dos controis.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo, o que leva unha multa de 3€ por participante ata o mércores 17 de xaneiro ás 12:00, e sempre coa autorización da dirección técnica remitindo un mail a: competicion@atletismo.gal e segundo a dispoñibilidade de prazas libres.

Terán prioridade os seguintes atletas:

Nos 60: categorías Sub 12 e Sub 14, logo os masters e despois o resto.

Nos 200 e 400: categorías master, logo Sub 18 e Sub 20 e despois o resto.

Valerán marcas acreditadas dende o 1 de xaneiro do 2022.


Art.4).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.5).- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

Art.6).- Para a realización das saídas, aos atletas da categoría master, seralles aplicada a normativa de saídas absoluta.

Art.7).- Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.



HORARIO PROVISIONAL CONTROL 21/01/2023

HORA	CARREIRA	CATEGORÍA
10:20	60 mv	Sub 16-18 M
10:35	60 mv	Sub 16 H
10:45	60 mv	Sub 18 H
10:55	60 mv	Sub 20 H

HORARIO PROVISIONAL CONTROL 22/01/2023 MAÑANA

HORA	CARREIRA	CATEGORÍA	ALTURA
10:00			Sub 10 H-M
10:20	50	Sub10	
10:50	50	Sub10	
11:20	60	Sub12-Master	Sub 12 H-M
11:50	60	Sub 12-Master	
12:20	200	Sub 18-Master	
12:50	200	Sub 18-Master	Sub 14 H-M
13:20	400	Sub 18-Master	
13:40	400	Sub 18-Master	

As cadencias de altura serán as seguintes:

Sub 10: 0,95-1,05-1,11-1,17-1,23-1,28 5/5

Sub 12: 1,16-1,22-1,27-1,32-1,37-1,42 5/5

Sub 14: 1,26-1,32-1,38-1,44-1,50 5/5

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 11 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo